

IES DE ARZÚA

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO (PEC)

ARZÚA – A CORUÑA

DIRECCIÓN

Aprobado polo Claustro e Consello escolar 29-06-2020



ÍNDICE.

1. Introducción	4
2. Normativa	4
3. Análise do entorno	5
3.1 Características do concello de Arzúa.....	5
3.2 Análise socioeconómico	6
4. Análise do centro	7
4.1 Localización e datos do centro.....	7
4.2 Tipo de centro	8
4.3 Características do alumnado	8
4.4 Descrición das instalacións.....	9
4.4.1 Edificio principal.....	10
4.4.2 Edificio ESO.....	13
4.4.3 Taller agraria.....	14
4.4.4 Predios.....	15
4.5 Profesorado	15
4.6 Persoal non docente	15
4.7 Horario xeral do centro	15
4.8 Transporte escolar.....	16
4.9 Asociación de Nais e Pais de alumnos/as	17
5. Análise sociolingüística	17
6. Sinais de identidade	18
6.1 Aconfesionalidade.....	18
6.2 Lingua	18
6.3 Metodoloxía	19
6.4 Pluralismo	20
6.5 Coeducación	21
7. Valores e actitudes	21
8. Liñas de actuación	22
8.1 Lectura e uso da biblioteca	22
8.2 Seccións bilingües	23
8.3 Actividade física e alimentación saudable	23
8.4 Tecnoloxías da Información e Comunicación (TICS)	24
8.5 Programas internacionais	24
8.6 Coidado do medio natural	24
9. Obxectivos xerais do centro	25
9.1 Ámbito Académico e Pedagóxico	25
9.2 Ámbito Xestión e Organización.....	25
9.3 Ámbito Participación e Convivencia	26
9.4 Ámbito Relación co Entorno	26



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



UNIÓN EUROPEA
"O FSE inviste
no teu futuro"



I.E.S. de Arzúa

Rúa do Castro s/n
Arzúa 15810 – A Coruña
Correo electrónico: ies.arzua@edu.xunta.es
<http://www.edu.xunta.es/centros/iesarzua/>
Tel.: 881 866 047
Fax: 881 866 055

10. Organización e funcionamento do centro	26
10.1 Modelo de xestión	26
10.2 Principios de actuación	27
10.3 Competencias dos órganos unipersoais	27
10.3.1 Dirección.....	27
10.3.2 Vicedirección	28
10.3.3 Xefatura de estudos.....	28
10.3.4 Secretaría	28
10.4 Membros e competencias dos órganos colexiados	28
10.4.1 Consello escolar	28
10.4.2 Claustro	29
10.5 Coordinación da Formación en Centros de Traballo (FCT)	29
10.6 Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP)	29
11. Oferta educativa	31
12. Atención á diversidade	34
13. Avaliación do Proxecto Educativo do Centro (PEC)	35



1. Introducción.

O Proxecto Educativo do Centro (PEC) recollerá os valores, os obxectivos, as prioridades de actuación e incorporará a concreción dos currículos establecidos pola administración educativa que corresponde fixar ó Claustro, así como o tratamento transversal nas áreas, materias ou módulos da educación en valores e outras ensinanzas.

O PEC é o documento de carácter pedagóxico elaborado pola comunidade educativa do centro que define os trazos de identidade do mesmo, e dicir, a súa personalidade ou ideario

En calquera caso, o PEC debe poder definir o tipo de centro que queremos, o tipo de formación que aspiramos dar aos nosos alumnos e o modelo de organización institucional que pretendemos.

Polo tanto o Proxecto Educativo de Centro (PEC) debe responder ás seguintes preguntas:

- Onde estamos? (Análise do contorno físico-social do centro educativo).
- Quen somos? (Proclamación dos nosos principios de identidade).
- Que queremos? (Especificación dos obxectivos xerais e específicos).

Non se trata dun documento pechado e ríxido senón dun aparello funcional, que debe estar en constante revisión.

2. Normativa.

- Lei Orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do Dereito á Educación.
- Real Decreto 324/1996 do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria obrigatoria.
- Orde o 1 de agosto de 1997 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do decreto 324/1996.
- Lei Orgánica de Educación 2/2006, do 3 de maio.
- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- Lei Orgánica para a mellora da calidade educativa 8/2013, de 9 de decembro.
- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
- Lei 39/2015, do 1 de Outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 40 /2015, do 1 de Outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público



3. Análise do entorno.

3.1 Características do concello de Arzúa.

O IES Arzúa está situado no concello do mesmo nome, a 36 km de Santiago de Compostela, polo que é un importante punto de referencia no camiño de Santiago.

O vila de Arzúa está encadrada na área central de Galiza, ao sur da provincia da Coruña. Nesa dirección linda co concello de Santiso e coa provincia de Pontevedra da que a separa o río Ulla, limitando concretamente co municipio de Vila de Cruces.

Ao norte de Arzúa están os concellos de Frades e Boimorto, con este último fai fronteira tamén polo leste, xunto a Melide, e por poñente fai límite cos municipios de Touro e O Pino.

A superficie do concello é de 158 quilómetros cadrados e, segundo os datos censuais de 2001, a cifra total de habitantes ascende a 6.633 dando lugar a unha densidade de poboación de 43 habitantes por quilómetro cadrado.

Climaticamente Arzúa atópase nunha área de transición con dominio de clima oceánico hiperhúmido e oceánico continental cunha media de temperaturas que se sitúa nos 13°C (con 7º de mínima e 22º de temperatura máxima) e con precipitacións que adoitan ser de 1.500 mm por ano.

O río Tambre e, especialmente, o Ulla determinan o contorno arzuán. A área norte do concello está marcada polo río Tambre, que sinala o límite co concello de Frades, e as zonas central e sur sinaladas polo Ulla e os seus afluentes, principalmente os ríos Boente, que establece o límite entre os concellos de Arzúa e Santiso; Iso, o máis importante do municipio, que nace na ladeira occidental do monte Bocelo, en Boimorto; e Brandeso.

Os principais cumes do concello, situado a 389 metros sobre o nivel do mar, son os montes Cornado, con 483 metros; Martelo, con 453 metros; do Viso con 446; e Filgueira con 436 metros de altura.

A capital municipal, que se encaixa entre os ríos Brandeso, Carracedo e Iso, dista 39 quilómetros de Compostela, 68 da capital da provincia e 63 da cidade de Lugo.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



UNIÓN EUROPEA
"O FSE inviste
no teu futuro"



I.E.S. de Arzúa

Rúa do Castro s/n
Arzúa 15810 – A Coruña
Correo electrónico: ies.arzua@edu.xunta.es
Tel.: 881 866 047
Fax: 881 866 055
<http://www.edu.xunta.es/centros/iesarzua/>

3.2 Análise socioeconómico.

O IES de Arzúa atópase no concello de Arzúa, nunha contorna rural, cunha poboación escolar pertencente en boa medida a familias dedicadas ao sector agrario (explotacións gandeiras e agrarias extensivas), á hostalería e ao pequeno comercio.

Este concello conta especialmente cunha ampla tradición no desenvolvemento do sector primario, especialmente o gandeiro e a produción de queixo. Abarca unha área eminentemente rural, con fenómenos de despoboamento nos últimos anos, destacable sobre todo nas aldeas do concello.

A pesares dese despoboamento, o concello, e o seu núcleo en particular, acolle importante poboación itinerante, por cruzar un tramo do Camiño de Santiago polo que o sector terciario (hostalería, aluguer de pisos, etc.) estase a incrementar de maneira moi notable. Este feito fai que a poboación teña contacto temporal con peregrinos procedentes de moi diversas áreas xeográficas.



4. Análise do centro.

4.1 Localización e datos do centro.



Tipo de centro:	Instituto de Educación Secundaria
Denominación oficial:	IES Arzúa
Código do centro:	15027733
Provincia:	A Coruña
Enderezo:	Rúa do Castro, s/n
Código postal:	15810
Teléfono:	881866047
Correo electrónico:	ies.arzua@edu.xunta.es
Sitio web:	http://www.edu.xunta.gal/centros/iesarzua/
CIF:	Q-1500348-F



4.2 Tipo de centro.

O IES Arzúa queda descrito na rede de centros como un instituto que oferta as seguintes ensinanzas:

- Ensinanza Secundaria Obrigatoria (ESO).
- Bacharelato.
- Formación Profesional Básica de Agroxardinería e Composicións Florais .
- Formación Profesional Básica de Administración e Xestión.
- Ciclo medio de Aproveitamento e Conservación do Medio Natural.
- Ciclo superior de Xestión Forestal e do Medio Natural.
- Ciclo superior de Xestión Forestal e do Medio Natural a distancia.
- Ciclo superior de Administración e Finanzas.

4.3 Características do alumnado.

Na ESO o IES de Arzúa abastécese basicamente co alumnado do centro adscrito do propio concello, o CEIP de Arzúa.

No caso das ensinanzas postobrigatorias do Bacharelato, Ciclo Medio de Aproveitamento e Xestión Forestal e o Ciclo de Formación Profesional Básica de Agroxardinería e Composicións Florais, a procedencia é máis heteroxénea procedente doutros concellos desta bisbarra (Boimorto, Touro, Arca...).

A variabilidade da orixe do alumnado é maior no caso do Ciclo Superior de Xestión Forestal e do Medio Natural e no Ciclo Superior de Administración e Finanzas xa que asiste ao centro alumnado de toda a provincia.


En xeral, as familias do alumnado amosan boa disposición a colaborar co centro educativo, cando se lles require. Aínda así, non adoitan participar na vida e actividades do centro.



4.4 Descrición das instalacións.

O complexo educativo do IES Arzúa está formado polas seguintes instalacións:

1. Garaxe	2. Taller de agraria	3. Edificio ESO
4. Edificio principal	5. Patio cuberto	6. Taller de tecnoloxía
7. Invernadoiro 1	8. Pista polideportiva	9. Pavillón
10. Invernadoiro 2	11. Umbráculo	12. Dúas fontes





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL



UNIÓN EUROPEA
"O FSE inviste no teu futuro"




I.E.S. de Arzúa

Rúa do Castro s/n Tel.: 881 866 047
Arzúa 15810 – A Coruña Fax: 881 866 055
Correo electrónico: ies.arzua@edu.xunta.es
<http://www.edu.xunta.es/centros/iesarzua/>

- Edificio principal. Planta primeira: 4 aulas, aula de Francés, aula de Plástica, aula de Debuxo, laboratorio de Ciencias Naturais, aula de Informática I, aula de Informática administrativo, desdobre I, almacén de limpeza, 2 aseos de alumnado, aseo de profesorado e arquivo de secretaría.



1ª planta Edificio Principal






- Edificio principal. Planta segunda: 7 aulas, aula de Música, aula de Informática II, departamento de Administrativo, departamento de Agraria, aula de informática Agraria, aula audiovisuais II, departamento de Educación Física, FOL, Grego, Latín e Relixión, departamento de Filosofía, Música e Xeografía e Historia, 2 aseos de alumnado, almacén limpeza, aseo de profesorado, desdobre II, almacén 2.12 e almacén 2.8.



**I.E.S. DE
 ARZÚA**

2ª planta Edificio Principal






4.4.2 Edificio ESO.

Neste edificio é onde se atopa as ensinanzas da ESO, biblioteca, local da ANPA, etc.


- Edificio ESO: 10 aulas, aula de pedagogía terapéutica, aula de convivencia, local da ANPA, biblioteca, laboratorio de Física e Química, laboratorio de Idiomas, caldeira, departamento de Lingua Galega e Lingua Castelá, 2 aseos do alumnado, 2 aseos do profesorado e un almacén de limpeza.





4.4.3 Taller agraria.

Nesta instalación os alumnos/as de ciclo superior de xestión forestal, ciclo medio de aproveitamento e conservación do medio natural e o ciclo básico de agroxardaría e composicións florais fan as súas clase prácticas. O taller conta con diverso material como equipos de soldadura, motoserras, desbrozadoras, 2 tractores, 1 Land rover, etc.





4.4.4 Predios.

O centro dispón de 5 predios, preto do Instituto, que supoñen unha superficie de 12,2752 hectáreas onde os alumnos/as da familia de agraria fan as súas prácticas correspondentes

Nome do predio	Superficie (hectáreas)	Referencia catastral
1. Ornamental	5,1309	15006A514006000000DT
2. Chopos	1,6179	15006A514001630000DX
3. Montaña Rusa	4,2386	15006A514005940000DY
4. Voz Natura	0,9973	15006A514001560000DO
5. Coníferas	0,2905	15006A514001670000DS

4.5 Profesorado.

O claustro de profesores conta con 47 profesores/as dos cales 30 son definitivos e 17 son provisionais. Estes últimos forman un elevado número o que dificulta ao comezo do curso o funcionamento e a organización do centro.

Dentro deste profesorado provisional observamos funcionarios en expectativa, funcionarios en prácticas, desprazados, interinos e substitutos.

4.6 Persoal non docente.

O IES de Arzúa dispón de 2 conserxes, 1 operario do coidado e mantemento dos predios, 2 administrativos e 3 limpadoras.

A división do centro en varios edificios fai que o seu labor ás veces véxase sobrecargado.

4.7 Horario xeral do centro.

- Horario de apertura e de peche.

O centro abre as súas portas de luns a venres ás 8:40 horas para recibir ao alumnado transportado. Este alumnado, será custodiado polo profesorado de garda, unha vez que entre no recinto do cento, nas zonas habilitadas para tal efecto, ata o inicio das actividades lectivas.

A actividade lectiva iníciase ás 8:50 horas e remata ás 14:30 horas. Pola tarde dependerá do tipo de ensinanza.



Despois das 14:30 horas e das 18:15 horas realizaranse gardas de transporte para o alumnado que sexa usuario do devandito servizo, ata o momento de partida de todos os autobuses.

- Horario lectivo.
 - Para ESO, Bacharelato e FP Básica: De luns a venres de 8:50 a 14:30 horas. Ademais, luns de 16:35 a 18:15 horas.
 - Para Ciclos formativos: De luns a venres de 8:50 a 14:30 horas. Ademais, luns e martes de 15:45 a 18:15 horas.
 - Ademais do horario lectivo ordinario, contéplase a posibilidade de ampliar o mesmo para situar as clases extraordinarias de reforzo ou recuperación se estas fosen necesarias, ou outro tipo de actividades, previa autorización da dirección.
 - As sesións son de 50 minutos. Existen dous recreos de 20 minutos: De 10:30 a 10:50 e de 12:30 a 12:50 horas.
- Horario doutros servizos.
 - Secretaría: Permanecerá aberta ao público todos os días de 09:00 a 14:00 horas. O resto do horario estará dedicado a labores non relacionadas coa atención ao público.
 - Biblioteca: Permanecerá aberta nas horas de recreo, atendida por profesorado que se encargarán do préstamo de libros. Tamén permanecerá aberta durante as horas de clase, segundo as necesidades e disposición dos recursos e persoal.
 - Cafetería: Permanecerá aberta durante o horario do centro.
 - Horario a disposición da comunidade escolar: O horario ampliarase en función das necesidades, e sempre que sexa necesario para reunións (da xunta de delegados, xuntas de pais/nais, etc.) e sexan solicitadas á dirección do centro cunha antelación mínima de 48 horas, facendo constar en dita solicitude os responsables da convocatoria, orde da mesma e a asunción de responsabilidades de mantemento da orde na mesma. A dirección designará a dependencia que considere axeitada.

- Horario de verán.

Durante o verán o Centro permanecerá aberto todos os días dos meses de xullo e setembro (antes do comezo das actividades lectivas) en horario de 9:30 a 13:30 horas. Durante o mes de agosto o centro permanecerá pechado, estando a disposición un teléfono de contacto co fin de poder atender calquera demanda.

4.8 Transporte escolar.

A distancia entre o edificio escolar e a vila de Arzúa é relativamente escasa, polo que numeroso alumnado de ESO non usa o transporte escolar, facilitando a posibilidade de autorización de uso de este servizo a outros niveis educativos. O alumnado de ciclos maior de idade que dispón de coche, desprázase no



mesmo. Isto representa unha dificultade á hora de custodiar ao alumnado no tempo inmediatamente anterior ao inicio da xornada, e tamén nas saídas.

Aínda así utilizan o transporte escolar o alumnado de ESO e FP Básica, e o alumnado de BAC que así o solicite, mentres haxa dispoñibilidade de prazas. Non hai alumnado con necesidade de transporte adaptado. A relación de rutas, empresas de transporte e número de alumnado usuario do servizo figuran en:

<https://www.edu.xunta.es/transporteescolar/>

4.9 Asociación de Nais e Pais de alumnos/as.

A asociación de nais e pais de alumnos e alumnas do IES de Arzúa “Castro do Viso” está formada por un pequeno grupo de familias que mostra unha boa actitude cara o funcionamento e organización do centro, especialmente a hora de desenvolver as actividades extraescolares ou complementarias.

A ANPA “Castro do Viso”, sita en Rúa do Castro s/n, CP:15810, Arzúa (A Coruña), tfno: 881866047, castrodoviso@gmail.com, dispón dun local de reunión e traballo no IES de Arzúa onde as nais e pais levan a cabo as súas actividades en colaboración coa vicedirección do centro. Un membro da ANPA forma parte do consello escolar representando a mesma.

5. Análise sociolingüística.

Os resultados das últimas enquisas sociolingüísticas do IES de Arzúa, realizadas polo Equipo de Dinamización da Lingua Galega foron que o alumnado da ESO e Bacharelato é un alumnado maioritariamente nado en Galiza. Dito alumnado utiliza o galego como lingua materna nos seus desiguais contextos sociais (familia, amizades, instituto, vila) empregando vantaxosamente o galego por diante do castelá, en claros termos porcentuais.

Asemade acontece o mesmo nas canles das súas aprendizaxes académicas, polo que cómpre sinalar que o pulo das súas competencias medra principalmente a través do galego.

Autopercíbense máis solventes nesta lingua ca no castelá (falándoa, entendéndoa, léndoa, escribíndoa e, en definitiva, aprendendo nela). Tamén é unha mostra poboacional atenta a todas as vías de información que lles comunique mensaxes na lingua materna, alén das aulas (taboleiros e rótulos dos corredores), e que coñece os seus dereitos a seren formados/as e informados/as en galego.

Porén esta tendencia invírtese no uso das TICS e na escolla dos medios de comunicación, eidos nos que adquire vantaxe estatística a lingua castelá. Así



e todo proxéctanse optimistamente no que atinxe á conservación do galego como a súa 1ª lingua, cando sexan adultos.

A diferenza da ESO, o alumnado dos ciclos básicos, medios e superiores de agraria e administración e finanzas usan maioritariamente o galego en todos os contextos (sociais, familiares, amizades, instituto, vila, académico, etc.) como no uso das TICS, escolla dos medios de comunicación para informarse da actualidade. Polo tanto podemos afirmar que o galego e a súa lingua de uso habitual en todos os contextos da súa vida.

6. Sinais de identidade.

6.1 Aconfesionalidade.

O IES de Arzúa é un centro aconfesional, ideoloxicamente pluralista e en especial nas súas vertentes política e relixiosa. Isto quere dicir, respecto a todas as ideoloxías e crenzas, intentando darlles ós alumnos e alumnas as informacións o máis obxectivas posibles para que progresivamente formen os seus propios criterios e, analizando a realidade, poidan tomar decisións responsables. Os pais e nais poden axudar neste proceso.

Tamén destacar a boa labor docente do profesorado evitando caer naqueles comportamentos que inciten ao adoutramento ou proselitismo.

6.2 Lingua.

O uso da nosa lingua é un dereito recoñecido a todos os membros da comunidade escolar. Para contribuír a normalización lingüística do galego, como lingua propia de Galicia, fomentárase o seu emprego como lingua ambiental e vehicular no contorno escolar. En calquera caso, o obxectivo é garantir que ó finalizar os estudos da ESO os alumnos e alumnas deste centro teñan igual competencia lingüística en galego e castelán.

O IES Arzúa, a través do seu claustro de profesores/as e do Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG), debe velar polo cumprimento do obxectivo de que todo o alumnado teña a mesma competencia lingüística tanto en galego como en castelán.

A partir dos mínimos marcados por lei debe darse o medre progresivo dunha ou doutra lingua dependendo do nivel de competencia lingüística acadado polos alumnos/as, corrixindo en todo momento as desigualdades detectadas.



Deberase ter en conta a competencia lingüística de ámbalas dúas linguas no momento do ingreso do alumnado no centro para así determinar o ritmo de aprendizaxe.

6.3 Metodoloxía.

Para definir as liñas metodolóxicas que, con carácter xeral, guíen a nosa actividade educativa teremos en conta os seguintes aspectos:

- A procedencia do alumnado maioritariamente rural.
- As expectativas académico-profesionais do alumnado.
- A importancia das técnicas de aprendizaxe e estudo (como aprender).
- A pluralidade do Claustro.

Para acadar unha acción educativa colectiva coherente procuraremos buscar o consenso de xeito que as liñas metodolóxicas poidan ser asumidas por todo o Claustro, renunciando, se é preciso, cada un dos ensinantes a algún aspecto dos seus presupostos ou criterios metodolóxicos persoais. Neste sentido buscaremos o equilibrio e a complementariedade de métodos diversos.

A metodoloxía que empregaremos terá, en consecuencia, as seguintes características:

- Fundamentalmente inductiva, a partir de determinadas experiencias ou observacións particulares, extráese unha lei ou principio xeral. O protagonismo do alumno/a como suxeito activo da súa propia formación, favorecendo a observación directa a experimentación e a investigación.
- Participación activa que estará centrada no alumnado impulsando a súa participación activa nas clases e actuando o profesorado como facilitadores das aprendizaxes máis que como transmisores de coñecementos. O ensino non deberá consistir nun traspaso de información de profesor/a a alumno/a senón nun proceso colaborativo de desenvolvemento persoal, de xeito que o alumnado aprenda do profesorado pero tamén dos compañeiros/as e do conxunto de actividades que realicen entre si.
- Facilitar ás aprendizaxes significativas, polo que deberá ter en conta os coñecementos previos do alumnado en relación cos contidos conceptuais e coas técnicas de traballo que manexa.
- Tender á un ensino globalizador e, polo tanto, buscar a interdisciplinariedade no tratamento dos contidos.
- Posibilitar tanto a individualización como a socialización a través do traballo persoal e do traballo en equipo.
- Fomentar o traballo cooperativo mediante agrupamentos flexibles. En grupos os alumnos/as aprenderán non só a pensar, senón tamén a observar, escoitar, confrontar as opinións propias coas alleas, respectalas e formular hipóteses nunha tarefa en equipo.



- Desenvolver a motivación organizando actividades de aprendizaxe útiles para outras aprendizaxes ou para a vida do suxeito e adecuadas aos seus intereses.
- Potenciar no alumnado o espírito crítico e a capacidade para o diálogo.
- Promover a conexión co medio no que está inmerso o centro nos aspectos físico, afectivo e socio-cultural, de cara a acadar un proceso educativo integrador.
- Tratar de rendibilizar os recursos dispoñibles no centro e aproveitar outros que a sociedade poida proporcionar.
- Fomentar as prácticas do alumnado tanto no centro como nas empresas da zona de influencia.
- Desenvolver as actividades complementarias e extraescolares co obxecto de facilitar as relacións, a convivencia, observar aplicacións na vida real do estudiado nas aulas e adquirir coñecementos novos.

6.4 Pluralismo.

As relacións e a convivencia no noso centro desenvolveranse nun marco de pluralismo ideolóxico e de tolerancia e respecto á liberdade da cada quen, a súa personalidade e as súas conviccións, que non poderán ser perturbadas por ningún tipo de coacción.

Os valores que supoñen a democracia e o pluralismo non son alleos; vivimos nun país onde estes conceptos están incluídos nas nosas leis, isto supón que debemos manter unhas actitudes e uns comportamentos acordes con estas ideas no noso contorno máis próximo, compañeiros, centro, familia, etc.

Polo tanto dende o IES Arzúa queremos levar a cabo unhas determinadas actuacións para conseguir un centro plural que respecte ás diferencias e idiosincrasia de cada un:

- Aceptar ás persoas sen ter en conta modelos estéticos preestablecidos socialmente.
- Respetar e aceptar os distintos grupos étnicos valorando as diferencias culturais.
- Considerar as diferencias físico-psíquicas como factores que constitúen a diversidade.
- Favorecer a convivencia tolerante e libre de prexuízos.
- Utilizar a linguaxe de forma non discriminatoria.
- Rexeitar todo tipo de agresión física ou psíquica.
- Evitar o adoutramento e a intransixencia en canto a ideoloxías políticas, sendo obxectivo e tolerante con todas ás opcións.
- Promocionar ás actitudes e aptitudes que fixan os fundamentos da convivencia, salientando os esforzos na transmisión dos valores básicos dunha sociedade democrática e estendendo esa democracia á propia xestión do centro, reclamando e favorecendo a participación real e



efectiva de todo os estamentos que a compoñen na súa xestión, por ser moi importante a colaboración de toda a comunidade educativa.

6.5 Coeducación.

No IES de Arzúa levaremos a cabo unha educación integral de homes e mulleres, levada a cabo en convivencia, e dicir, ambos xéneros reciben a mesma educación no centro, sen realizar ningún tipo de discriminación no proceso educativo con respecto ás diferencias de sexo.

O centro enarborará a bandeira do principio de igualdade entre os diferentes sexos, ou sexa, que dispoñer de tal ou cal xénero non sexa un obstáculo o un problema á hora da educación.

Isto implicará que se descarten de plano todo tipo de diferencias e así mesmo calquera acción dominante que dobregue un sexo sobre outro.

O IES Arzúa procurará que cada xénero coñeza ó detalle as realidades, historias e tamén as diferenzas que existen entre homes e mulleres para sobre esta base desenvolver un proceso de educación igualitario, equitativo, considerando as diferencias pero sempre tendendo a unidade dos seres humanos e que todos debemos ser considerados iguais ante a lei na materia de dereitos.

7. Valores e actitudes.

Os valores e actitudes principais que pretendemos desenvolver no noso centro serán os seguintes:

- **Liberdade:** concibimos que a educación debe capacitar para unha libre elección entre as diversas opcións que na vida se ofrecen.
- **Responsabilidade:** se fomentará como valor nos alumnos/as así como no resto dos compoñentes da comunidade educativa.
- **Paz e Tolerancia:** na educación deben transmitirse os hábitos tendentes a conseguir un clima de paz, tolerancia e respecto aos demais.
- **Igualdade e Diversidade:** evitanse as desigualdades derivadas de factores sociais, económicos, culturais, xeográficos, étnicos ou de calquera outra índole.
- **Integración:** a educación favorecerá a integración dos alumnos/as con necesidades educativas especiais.



- Participación: a educación non é só a transmisión individual de coñecemento, senón que abarca a formación integral da persoa, á que contribúen todos os compoñentes da comunidade educativa. De ahí a importancia da participación destes compoñentes nas accións educativas e a necesidade da coordinación dos esforzos na procura de obxectivos comúns.
- Democracia: formando cidadáns que poidan participar libre e responsablemente nas institucións políticas e sociais, capaces de respectar en todo momento as leis e as normas vixentes.
- Esfuerzo e Traballo: para conseguir os logros que o alumnado se propoña na súa vida académica, persoal e nun futuro, laboral.
- Medio Ambiente: educar no coidado de respecto cara o entorno natural que nos rodea.
- Saúde: potenciar unha vida activa xunto cuns hábitos alimenticios saudables.

8. Liñas de actuación.

As principais liñas que o IES de Arzúa pretende fomentar son:

- Lectura e uso da biblioteca.
- Seccións bilingües.
- Actividade física e alimentación saudable.
- Tecnoloxías da Información e Comunicación (TICS).
- Programas internacionais.
- Coidado do medio natural.

8.1 Lectura e uso da biblioteca.

O IES de Arzúa, por medio do seu Equipo de Biblioteca pon en práctica o programa "Hora de Ler" para o fomento da lectura entre o alumnado do Centro.

Durante o curso establecerase un tempo diario de lectura para 1º, 2º e 3º da ESO de 15 minutos mediante un calendario anual. Este calendario comeza a aplicarse en outubro e remata en xuño, o último día de clase. A actividade consiste nunha sesión diaria dun mínimo de 15 minutos dedicada a actividades relacionadas co fomento da lectura. A sesión, de obrigado cumprimento, está



fixada cada semana de forma que vai rotando ao longo da xornada lectiva para tratar de afectar por igual a todas as materias. O profesorado pode fixar exames nun período lectivo afectado pola Hora de Ler, e nese caso a actividade suspéndese ese día o cámbiase para outra hora se é posible.

Todas as aulas nas que se fai a actividade habilitáronse cunha folla de rexistro na que figura o nome e número de lector de cada un dos alumnos e alumnas, e nela apúntanse os libros que están lendo, a data de préstamo e a data de devolución. As lecturas elíxenas os propios alumnos con total liberdade, esixíndose unicamente que se trate dun material diferente aos libros de lectura obrigatoria.

8.2 Seccións bilingües.

O IES de Arzúa está fomentar o coñecemento e utilización das linguas estranxeiras, xa que nun mundo cada vez máis globalizado repercute nunha formación máis completa do alumnado, outorgándolle as ferramentas para unha maior mobilidade e capacidade de comunicación e construción de proxectos colectivos a diferentes escalas.

Contribúe ademais á entender e aceptar as diferentes culturas que nos rodean para evitar conflitos innecesarios e ter unha experiencia vital máis enriquecedora.

8.3 Actividade física e alimentación saudable

Fronte aos prexuízos derivados do sedentarismo, o instituto potenciará a actividade física e alimentación saudable, tanto no centro escolar (dentro e fora do currículo) como fora do propio centro (en horario lectivo e non lectivo).

O centro pretende difundir entre a comunidade educativa a necesidade de levar unha vida activa e propiciar que o alumnado incremente a súa carga de actividade física realizada tanto ámbito do centro educativo coma fora del.

O seu obxectivo final é que os alumnos e alumnas reciban información e asesoramento de como incorporar no seu día a día, tanto no horario lectivo como no non lectivo, actividade física, exercicio físico e deporte como hábito de vida saudable que perdure no tempo.

A loita contra a obesidade, considerada a epidemia do século XXI e unha das enfermidades máis relevantes nos menores de vinte anos, é a razón polo que o IES de Arzúa pretende que o seu alumnado valore a importancia da alimentación como un hábito de vida saudable.



8.4 Tecnoloxías da Información e Comunicación (TICS).

O centro levará a cabo diversas accións para a introdución e integración das Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TICS) no proceso de ensino-aprendizaxe e no desenvolvemento da competencia dixital. É dicir, empregar internet e a web do centro como medio de comunicación e plataforma de aprendizaxe.

O instituto procurará desenvolver a competencia dixital e de tratamento de información do alumnado, e tendo esta un carácter globalizador contribuír ao desenvolvemento doutras competencias básicas, especialmente, competencia para aprender a aprender, competencia en comunicación lingüística e competencia social e cidadá. Mentres que no profesorado promoverá o uso das novas tecnoloxías para a mellora da súa actividade docente.

8.5 Programas internacionais.

O IES Arzúa considera que a mobilidade comporta no alumnado dunha maior riqueza e a apertura a una formación tanto académica como persoal de máis calidade.

A Unión Europea con este tipo de actividades, pretende combatir os altos niveis de desemprego, mellora das TICS, aumento dos coñecementos profesionais e fomentar a conciencia democrática e de cidadanía europea. Tamén subliñar que coñecer outras culturas e linguas favorecerá ao entendemento entre as persoas que a forman, evitando os posibles conflitos innecesarios que podan xurdir.

Polo tanto o centro promoverá a posta en marcha do Erasmus+ tanto a nivel da ESO, Bacharelato como da Formación Profesional. É dicir, o IES de Arzúa potenciará que o seu alumnado de ciclos poda facer a súa formación en centros de traballo nun país estranxeiro.

8.6 Coidado do medio natural.

A educación ambiental debe comezar na escola, polo tanto o IES de Arzúa quere que o seu alumnado sexa consciente dos problemas medio ambientais que está a padecer o noso planeta.

O destino do da terra está nas súas mans, e é importante que aprendan a racionalizar os recursos e aportar o seu gran de área na loita contra o cambio climático.



Pretendemos conseguir que os rapaces e rapazas do centro sexan partícipes dun mundo mellor máis sostible e habitable, para iso, deberán adoptar condutas e comportamentos que fomenten o coidado e protección do medio natural.

9. Obxectivos xerais do centro.

Os obxectivos xerais do centro divídense en catro ámbitos:

1. Ámbito Académico e Pedagóxico.
2. Ámbito Xestión e Organización.
3. Ámbito Participación e Convivencia.
4. Ámbito Relación có Entorno.

9.1 Ámbito Académico e Pedagóxico.

- Mellorar o rendemento académico, profesional e desenvolvemento persoal do alumnado en función das súas capacidades, necesidades, intereses e expectativas.
- Fomentar a boa labor docente do profesorado.
- Impulsar e apoiar a utilización das Tecnoloxías da Información e Comunicación (TICS) no proceso educativo e nas relacións entre a comunidade educativa e o contorno, sen esquecer as fontes tradicionais de información.
- Fomentar a lectura e o uso da biblioteca.
- Potenciar as actividades complementarias e extraescolares optimizando a súa coordinación co claustro e equipo directivo.
- Favorecer a actividade física e unha dieta equilibrada.
- Velar polo cumprimento da Lei de Normalización Lingüística.

9.2 Ámbito Xestión e Organización.

- Mellorar o funcionamento do centro.
- Controlar e rendibilizar o gasto do centro co obxectivo de manter un nivel de calidade do ensino óptimo.
- Mellorar e conservar as infraestruturas, instalacións e recursos do centro.
- Impulsar a limpeza do centro.
- Revisar e actualizar todos os documentos do centro en función das necesidades que vaian xurdindo como consecuencia da práctica educativa.



9.3 Ámbito Participación e Convivencia.

- Manter unha convivencia harmónica entre todos os membros da comunidade educativa, dentro dun marco de respecto aos principios democráticos, dereitos e liberdades fundamentais.
- Favorecer a participación e implicación das familias na dinámica do centro e como consecuencia, na educación dos seus fillas/os, mellorando o seu grado de satisfacción.
- Propiciar a participación do alumnado na vida do centro.
- Aplicar as medidas no centro que promovan unha educación na igualdade entre mulleres e homes.

9.4 Ámbito Relación co Entorno.

- Fomentar a cooperación e colaboración coa administración.
- Propiciar o contacto con empresas, institucións culturais, educativas e deportivas, autoridades relacionadas coa seguridade pública, etc.
- Potenciar a relación do noso centro cos seus centros adscritos.
- Dar a coñecer as boas prácticas educativas que se levan a cabo no noso centro.

10. Organización e funcionamento do Centro.

10.1 Modelo de xestión.

O modelo de xestión do centro levarase a cabo a través da participación da comunidade educativa.

O profesorado participará na toma de decisións pedagóxicas que correspondan ao Claustro, no consello escolar, nos órganos de coordinación e nos equipos docentes.

As nais e pais poderán participar no funcionamento do centro a través das asociacións que legalmente se constitúan e de acordo á normativa de aplicación.

O alumnado participará, no funcionamento do centro a través das delegadas e delegados de grupo, que constituirán a xunta de delegadas e delegados e as asociacións de alumnado do centro que legalmente se constitúan.



O persoal de administración e servizos tamén participará no funcionamento do centro por medio do consello escolar para tomar as decisións oportunas, manifestar e expresar as súas inquedanzas, peticións e opinións.

10.2 Principios de actuación.

Os órganos de goberno, no ámbito das súas funcións e competencias, rexeranse polos seguintes principios de actuación, sen menoscabo dos principios xerais previstos para os equipos directivos:

- Velar polo cumprimento do establecido nos principios e fins da educación recollidos nas leis e disposicións vixentes e no proxecto educativo de centro.
- Garantir o exercicio dos dereitos e o cumprimento dos deberes da comunidade educativa, así como a súa participación efectiva na vida do centro, na súa xestión e avaliación, respectando o exercicio da súa participación democrática.
- Favorecer as medidas de equidade que garantan a igualdade de oportunidades, a inclusión educativa e a non discriminación das desigualdades persoais, culturais, económicas, sociais, por cuestión de xénero e/ou identidade e/ou orientación sexual.
- Fomentar a convivencia democrática e participativa, favorecendo medidas e actuacións que impulsen a prevención e a resolución pacífica dos conflitos, así como o plan de convivencia.
- Impulsar o uso das tecnoloxías da comunicación e información como instrumento de modernización administrativa do centro e de adaptación e incorporación do alumnado a unha sociedade en cambio constante.

10.3 Competencias dos órganos unipersoais.

O equipo directivo é o órgano executivo de goberno do centro. Está constituído polo director/a, vicedirector/a, xefe/a de estudos e secretario/a. Terá, polo menos, unha reunión semanal para coordinar todas actuacións que son da súa competencia.

10.3.1 Dirección.

Representar ao centro, dirixir e coordinar todas as actividades do instituto, exercer dirección pedagóxica, garantir o cumprimento das leis, exercer a xefatura de todo o persoal do centro, favorecer a convivencia do centro, impulsar a colaboración coas familias, impulsar as avaliacións internas, convocar e



presidir os actos académicos, realizar contratacións de obras, designar ao resto do equipo directivo; xefes de departamento e titores, aprobar; PEC, PXA, etc.; decidir a admisión de alumnos/as, etc.

10.3.2 Vicedirección.

Substituír ao director, organizar actos académicos, coordinar e realizar as actividades complementarias e extraescolares, xestionar o fondo de libros.

10.3.3 Xefatura de estudos.

Coordinar e velar pola execución das actividades de carácter académico e de orientación (formación profesorado, avaliación, adaptacións, recuperación reforzo), horarios, corrixir ausencias do profesorado, organizar atención do alumnado en períodos de lecer, etc.

10.3.4 Secretaría.

Réxime administrativo do instituto, actuar como secretario do consello e claustro, custodiar os libros e arquivos do centro, expedir certificacións, inventario, velar polo material e instalacións do centro, supervisar as labores do PAS, elaborar o anteproxecto de centro, ordenar o réxime económico do centro, presidir a comisión económica.

10.4 Membros e competencias dos órganos colexiados.

10.4.1 Consello escolar.

- **Membros:** o/a director/a, que actúa como presidente, o/a xefe/a de estudos, un/ha representante do concello, un/ha representante das organizacións empresariais, sete profesores, tres representantes de nais e pais, catro representantes de alumnado, un representante do persoal de administración e servizos, e o/a secretario/a con voz pero sen voto.
- **Competencias:** avaliar os documentos de centro (PEC, PXA, NOFC, Plan de convivencia, proxecto de orzamento, etc.), coñecer ás candidaturas, renovacións ou revogación do director, revisar ás sancións graves, colaborar coa inspección educativa, etc.
- **Reunións:** reunirse preceptivamente en sesión ordinaria unha vez ao trimestre e sempre que o convoque o seu presidente ou o solicite un terzo polo menos dos seus membros. En todo caso reunirse ao inicio e remate do curso. As reunións serán convocadas en horas non lectivas, de modo que non se lesionen os intereses dos membros do mesmo. Se os asuntos que se van



tratar así o aconsellan, poderán realizarse convocatorias extraordinarias nun recreo. As reunións realizaranse preferentemente os mércores e os xoves, alternativamente pola tarde.

10.4.2 Claustro.

- **Compoñentes:** O claustro estará presidido polo/a director/a e integrado por todo o profesorado que preste servizo no centro educativo.
- **Competencias:** aportar propostas para á elaboración de proxectos (PEC,PXA,NOFC, Plan de convivencia, etc.), avaliar aspectos relacionados coa planificación e organización docente (PXA, DCC), promover a innovación e formación docente, coñecer ás candidaturas a dirección, etc.
- **Reunións:** O claustro de profesorado reunirse preceptivamente en sesión ordinaria unha vez ao trimestre e sempre que o convoque o seu presidente ou o solicite un terzo polo menos dos seus membros. En todo caso reunirse ao inicio e remate do curso. As reunións serán convocadas en horario non lectivo, agás algunha de carácter extraordinario, que pola súa duración, poida facerse nun recreo. As reunións realizaranse preferentemente os mércores ou xoves, alternativamente pola tarde.

10.5 Coordinación da Formación en Centros de Traballo (FCT).

- **Compoñentes:** a coordinación da FCT será asumida polo profesorado pertencente ós Departamentos de Administrativo e de Agraria, alternativamente e da seguinte maneira: durante 4 anos escolares desempeñará esta función un membro do Departamento de Agraria, e os 2 anos seguintes un membro do Departamento de Administrativo, e así sucesivamente, seguindo os acordos previos entre ámbolos dous departamentos, en función do número de ciclos impartidos por cada un deles. O/a coordinador/a de FCT será proposto/a polos departamentos anteriormente citados ante a dirección do centro, quen tomará a decisión final.
- **Competencias:** ademais das competencias previstas na normativa encargarase da xestión da bolsa de traballo para titulados. Periodicamente realizará a actualización da bolsa, actualizando as altas e baixas que correspondan nunha base de datos xestionada polo Centro.

10.6 Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP).

- **Composición:** o/a director/a, a/o xefe/a de estudos, os xefes de departamento, a/o coordinador/a de EDLG, o/a coordinador/a de FCT e o profesorado de apoio ao alumnado.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



UNIÓN EUROPEA
"O FSE inviste
no teu futuro"



I.E.S. de Arzúa

Rúa do Castro s/n
Arzúa 15810 – A Coruña
Correo electrónico: ies.arzua@edu.xunta.es
<http://www.edu.xunta.es/centros/iesarzua/>
Tel.: 881 866 047
Fax: 881 866 055

- Competencias: planificación das sesións de avaliación e calendario de probas extraordinarias, propoñer a o claustro (sesións de avaliación e o calendario de probas extraordinarias, medidas relacionadas coa concreción curricular, titores para o departamento de orientación, comisión para o proxecto lingüístico de centro), establecer directrices das programacións didácticas, etc.
- Reunións: como mínimo unha vez ao trimestre. En todo caso reunirse ao inicio e remate do curso e cantas outras se consideren necesarias. As reunións realizaranse fora do horario lectivo, preferentemente os mércores e xoves, alternativamente pola tarde.



11. Oferta educativa.

O IES de Arzúa imparte ensinanzas de:

- Ensinanza Secundaria Obrigatoria (ESO).
- Bacharelato.
- Formación Profesional Básica de Agroxardinería e Composicións Florais.
- Formación Profesional Básica de Administración e Xestión.
- Ciclo medio de Aproveitamento e Conservación do Medio Natural.
- Ciclo superior de Xestión Forestal e do Medio Natural.
- Ciclo superior de Administración e Finanzas.

ESO.

➤ 1º ESO.

<ul style="list-style-type: none"> • Lingua Literatura castelá • Lingua Literatura galega • 1ª Lingua Estranxeira, que neste centro pode ser Inglés ou Francés 	<ul style="list-style-type: none"> • 2ª Lingua Estranxeira, que pode ser tamén Francés ou Inglés • Matemáticas • Educación Física ou Educación Física en Inglés (sección bilingüe), segundo elección das familias 	<ul style="list-style-type: none"> • Educación Plástica, Visual e Audiovisual • Bioloxía e Xeoloxía • Xeografía e Historia • Relixión ou Valores Éticos, segundo elección das familias. • Materia de libre configuración do centro, que pode ser Reforzo en Lingua Castelá (Dpto. Lingua Castelá), Obradoiro de Música (Dpto. Música), Promoción de Estilos de Vida Saudables (Dpto. Educación Física) e Primeiros Auxilios (Dpto. Bioloxía e Xeoloxía).
---	--	---

➤ 2º ESO.

<ul style="list-style-type: none"> • Lingua Literatura castelá • Lingua Literatura galega • 1ª Lingua Estranxeira, que neste centro pode ser Inglés ou Francés 	<ul style="list-style-type: none"> • 2ª Lingua Estranxeira, que pode ser tamén Francés ou Inglés • Matemáticas • Educación Física • Música 	<ul style="list-style-type: none"> • Tecnoloxía ou Tecnoloxía en Inglés (sección bilingüe), segundo elección das familias • Física e Química • Xeografía e Historia • Relixión ou Valores Éticos, segundo elección das familias. • Materia de libre configuración do centro, que pode ser Reforzo en Lingua Galega (Dpto. Galego), Promoción de Estilos de Vida Saudables (Educación Física), Igualdade de Xénero (Dpto. Filosofía) ou Primeiros auxilios (Dpto Bioloxía e Xeoloxía).
---	--	--



➤ 3º ESO.

<ul style="list-style-type: none"> • Lingua Literatura castelá • Lingua Literatura galega • 1ª Lingua Estranxeira, que neste centro pode ser Inglés ou Francés 	<ul style="list-style-type: none"> • Matemáticas, dúas modalidades a elección das familias: ensinanzas académicas ou ensinanzas aplicadas • Educación Física • Educación Plástica, Visual e Audiovisual • Música 	<ul style="list-style-type: none"> • Tecnoloxía ou Tecnoloxía en Inglés (sección bilingüe), segundo elección das familias • Bioloxía e Xeoloxía • Física e Química • Xeografía e Historia • Relixión ou Valores Éticos, segundo elección das familias. • Unha materia e elixir entre Segunda Lingua Estranxeira (Francés ou inglés) e Cultura Clásica
---	--	---

➤ 4º ESO.

MATERIAS DO CURSO					
<ul style="list-style-type: none"> ■ Educación Física (2 h) ■ Xeografía e Historia (3 h) 	<ul style="list-style-type: none"> ■ Lingua Castelá (3 h) ■ Lingua Galega (3 h) 	<ul style="list-style-type: none"> ■ 1ª Lingua estranxeira: (3 h) <input type="checkbox"/> Inglés <input type="checkbox"/> Francés 	<ul style="list-style-type: none"> ■ Titoría (1 h) ■ Riscar unha: (1 h) <input type="checkbox"/> Relixión <input type="checkbox"/> Valores Éticos 		
ITINERARIO			Riscar unha (3 h)	Riscar unha (3 h)	
<input type="checkbox"/>	Matemáticas Académicas (4 h)	Física e Química (3 h)	Bioloxía e Xeoloxía (3 h)	<input type="checkbox"/> Tecnoloxía <input type="checkbox"/> Filosofía <input type="checkbox"/> TICs non Bilingüe <input type="checkbox"/> TICs Bilingüe <input type="checkbox"/> Música <input type="checkbox"/> 2ª Lingua estranxeira	<input type="checkbox"/> Cultura clásica <input type="checkbox"/> Cultura científica <input type="checkbox"/> TICs non Bilingüe <input type="checkbox"/> TICs Bilingüe <input type="checkbox"/> Educ. plástica e visual <input type="checkbox"/> Materia troncal non cursada
<input type="checkbox"/>	Matemáticas Académicas (4 h)	Economía (3 h)	Latín (3 h)		
<input type="checkbox"/>	Matemáticas Aplicadas (4 h)	Ciencias Aplicadas (3 h)	IAEE (3 h)		
<i>A impartición das materias está condicionada á existencia dun nº mínimo de alumnado e ás posibilidades organizativas do centro.</i>					

1º BACHARELATO.

<ul style="list-style-type: none"> ■ Educación Física (2h) ■ Filosofía (3h) 	<ul style="list-style-type: none"> ■ Lingua e Literatura Castelá I (3h) ■ Lingua e Literatura Galega I (3h) 	<ul style="list-style-type: none"> ■ Lingua estranxeira I (Riscar unha): (3h) <input type="checkbox"/> Inglés <input type="checkbox"/> Francés 			
<input type="checkbox"/>	BACHARELATO CIENCIAS		Entre os 3 bloques escolle materias que sumen 6 horas Ten en conta que de cada bloque só podes elixir 1 materia.		
Matemáticas I (4h)	Física e Química (4h)	Escolle 1 materia <input type="checkbox"/> Bioloxía e Xeo (4h) <input type="checkbox"/> Debuxo Técn. I (4h)	Exemplo a: materia 3h+2h+1h Exemplo c: materia 3h+3h Exemplo e: materia 4h+2h	Exemplo b: materia 2h+2h+2h Exemplo d: materia 2h+3h+1h	
<input type="checkbox"/>	BACHARELATO CIENCIAS SOCIAIS		Bloque 1	Bloque 2	Bloque 3
Matemáticas Aplic. CCSS I (4h)	Economía (4h)	Escolle 1 materia <input type="checkbox"/> Hª Mundo Cont. (4h) <input type="checkbox"/> Literatura Univ. (4h)	<input type="checkbox"/> Anatomía Aplicada (3h) <input type="checkbox"/> Tecnoloxía Industrial I (3h) <input type="checkbox"/> 2ª Lingua Estranxeira I (2h) <input type="checkbox"/> Tics I (2h)	<input type="checkbox"/> Materia troncal non cursada (4h) <input type="checkbox"/> Cultura Científica (2h) <input type="checkbox"/> Debuxo Artístico I (3h) <input type="checkbox"/> Linguaxe e práct. musical (3h)	<input type="checkbox"/> Antropoloxía (2h) <input type="checkbox"/> Robótica (2h) <input type="checkbox"/> Relixión (1h) <input type="checkbox"/> Portugués (1h) <input type="checkbox"/> Preparación para DELF-B1 (1h) (*)
<input type="checkbox"/>	BACHARELATO HUMANIDADES				
Latín I (4h)	Escolle 1 materia <input type="checkbox"/> Grego I (4h) <input type="checkbox"/> Economía (4h)	Escolle 1 materia <input type="checkbox"/> Hª Mundo Cont. (4h) <input type="checkbox"/> Literatura Univ. (4h)			
NOTA: A impartición das materias está condicionada á existencia dun nº mínimo de alumnado. (*) Para poder cursar Preparación para o DELF-B1, a/o alumna/o debe cursar o Francés como 1ª ou 2ª lingua estranxeira.					



2º BACHARELATO.

<input type="checkbox"/> Historia de España (3h) <input type="checkbox"/> Lingua e Literatura Castelá II (3h) <input type="checkbox"/> Lingua e Literatura Galega II (3h)		<input type="checkbox"/> Lingua estranxeira II (Riscar unha): (3h) <input type="checkbox"/> Inglés <input type="checkbox"/> Francés Nota: Deberás escoller 1 materia do Bloque 1, outra do Bloque 2 e outra do bloque 3 En conxunto as materias dos tres bloques deben sumar 8 horas.			
<input type="checkbox"/> BACHARELATO CIENCIAS		Bloque 1	Bloque 2	Bloque 3	
<input type="checkbox"/> Matemáticas II (4h)	Escolle 1 materia <input type="checkbox"/> <u>Bioloxía</u> (4h) <input type="checkbox"/> <u>Debuxo Técnico II</u> (4h)	Escolle 1 materia <input type="checkbox"/> <u>Química</u> (4h) <input type="checkbox"/> <u>Xeoloxía</u> (4h)	<input type="checkbox"/> Física (4h) <input type="checkbox"/> Ciencias da Terra e do medio. (3h) <input type="checkbox"/> Técnicas de expres. gráf. (3h) <input type="checkbox"/> Hª Filosofía (4h)	<input type="checkbox"/> 2ª <u>Lingua Estranxeira II</u> (3h) <input type="checkbox"/> Psicoloxía (3h) <input type="checkbox"/> Fundamentos Admon e Xest. (3h)	<input type="checkbox"/> Métodos Estatísticos (2h) <input type="checkbox"/> Recursos Hum. (1h) <input type="checkbox"/> Xeografía e Hª de Galicia (2h)
<input type="checkbox"/> BACHARELATO CIENCIAS SOCIAIS		Bloque 1			
<input type="checkbox"/> Matemáticas CC.SS II (4h)	Historia da Filosofía (4h)	Escolle 1 materia <input type="checkbox"/> <u>Historia da Arte</u> (4h) <input type="checkbox"/> <u>Economía e Empresa</u> (4h)	<input type="checkbox"/> Grego II (4h) <input type="checkbox"/> <u>Xeografía</u> (4h) <input type="checkbox"/> Técnicas de expres. gráf. (3h)	<input type="checkbox"/> Hª Música e da Danza (3h) <input type="checkbox"/> Debuxo Artístico II (3h) <input type="checkbox"/> Tecnoloxía Industrial II (3h) <input type="checkbox"/> Outra materia Troncal (4h)	<input type="checkbox"/> Literatura galega do século XX (2h) <input type="checkbox"/> Preparación para DELF-B2 (2h) (*) <input type="checkbox"/> Proxectos investigación (1h) <input type="checkbox"/> Relixión (1h) <input type="checkbox"/> Portugués (2h)
<input type="checkbox"/> BACH. HUMANIDADES					
<input type="checkbox"/> Latín II (4h)	Historia da Filosofía (4h)				
NOTA: A impartición das materias está condicionada a existencia dun nº mínimo de alumnado. As materias subliñadas son materias das que o alumnado se pode avaliar nas ABAU. (*) Para poder cursar Preparación para o DELF-B2, a/o alumna/o debe cursar o Francés como 1ª ou 2ª lingua estranxeira.					

FP BÁSICA AGROXARDINARÍA E COMPOSICIÓN FLORAIS.

1º FP BASICA	2º FP BASICA
<ul style="list-style-type: none"> • Ciencias aplicadas I • Comunicación e sociedade I • Operacións auxiliares de preparación do terreo, plantación y sementeira de cultivos • Operacións básicas de produción e mantemento de plantas en viveiros e centros de xardinería. • Operacións básicas en instalación de xardíns, parques e zonas verdes • Operacións básicas para o mantemento de xardíns, parques e zonas verdes 	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades de rego, fertilización e tratamentos en cultivos • Ciencias aplicadas II • Comunicación e sociedade II • Materiais de floraría • Operacións auxiliares na elaboración de composicións con flores e plantas • Formación en centros de traballo.

FP BÁSICA SERVIZOS ADMINISTRATIVOS.

1º FP BASICA	2º FP BASICA
<ul style="list-style-type: none"> • Ciencias aplicadas I • Comunicación e sociedade I • Arquivamento e comunicación • Técnicas administrativas básicas • Tratamento informático de datos 	<ul style="list-style-type: none"> • Ciencias aplicadas II • Comunicación e sociedade II • Aplicacións básicas de ofimática • Atención á clientela • Preparación de pedidos e venda de produtos • Formación en centros de traballo.



CM APROVEITAMENTO E CONSERVACIÓN DO MEDIO NATURAL.

1º CM APROV	2º CM APROV
<ul style="list-style-type: none"> • Formación e Orientación laboral • Fundamentos agronómicos • Maquinaria e instalacións forestais • Principios de sanidade vexetal • Produción de planta forestal en viveiro • Repoboacións forestais e tratamentos selvícolas 	<ul style="list-style-type: none"> • Aproveitamento do medio natural • Conservación das especies cinexéticas e piscícolas • Control fitosanitario • Empresa e iniciativa emprendedora • Prevención de incendios forestais • Uso público en espazos naturais • Formación en centros de traballo

CS XESTIÓN FORESTAL E DO MEDIO NATURAL.

1º CSXF	2º CSXF
<ul style="list-style-type: none"> • Botánica agronómica • Fitopatoloxía • Formación e Orientación laboral • Maquinaria e instalacións agroforestais • Técnicas de educación ambiental • Topografía agraria • Xestión dos aproveitamentos do medio forestal • Xestión e organización do viveiro forestal 	<ul style="list-style-type: none"> • Defensa contra incendios forestais • Empresa e iniciativa emprendedora • Xestión cinexética • Xestión da conservación do medio natural • Xestión da pesca continental • Xestión de montes • Proxecto de xestión forestal e conservación do medio • Formación en centros de traballo

CS ADMINISTRACIÓN E FINANZAS.

1º CS AF	2º CSAF
<ul style="list-style-type: none"> • Comunicación e atención á clientela • Formación e Orientación laboral • Inglés • Ofimática e proceso da información • Proceso integral da actividade comercial • Recursos humanos e responsabilidade social corporativa • Xestión da documentación xurídica e empresarial 	<ul style="list-style-type: none"> • Contabilidade e fiscalidade • Simulación empresarial • Xestión de recursos humanos • Xestión financeira • Xestión loxística e comercial • Proxecto de administración e finanzas • Formación en centros de traballo

12. Atención á diversidade

En relación á atención a diversidade, o IES de Arzúa non presenta un gran número de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, polo que a actividade docente no centro discorre con normalidade.



Así a todo, un reducido grupo, que nos últimos anos estase a incrementar, presenta situacións sociofamiliares e culturais que poden alterar o funcionamento do centro e polo que require unha atención especializada. Por exemplo este alumnado presenta:

- Dificultades nas linguas, sobre todo alumnado inmigrante.
- Desfase curricular pronunciado.
- Absentismo ou con risco de abandono escolar.
- Desmotivado/a para os estudos, sen interese nas aprendizaxes académicas.
- Falta de traballo, dedicación e esforzo na realización das tarefas escolares
- Problemas en relación a unha situación familiar desestruturada.

Para atender estas necesidades o IES Arzúa presenta unha serie de medidas como:

- Materias de reforzo como optativas; lingua castelá, lingua galega.
- Reforzo en materias instrumentais; lingua castelá e literatura, lingua galega e literatura, matemáticas.
- Apoio de profesorado
- Agrupamento flexible: 2 grupos homoxéneos onde un ten máis dificultade co outro
- Desdoblamento: 2 grupos heteroxéneos co mesmo nivel de dificultade
- Exención de galego
- Exención de segunda lingua
- Apoio do especialista en Pedagogía Terapéutica
- Adaptación Curricular Individualizada
- Programas de Mellora do Aprendizaxe e Rendemento (PMAR).
- Formación Profesional Inicial.
- Contratos programa: Refórza-T, Reforzo de competencias clave en 3 e 4 de ESO (PREMAT).

13. Avaliación do Proxecto Educativo do Centro (PEC).

O Proxecto Educativo de Centro (PEC) é un documento dinámico que está en continua revisión e avaliación por parte do consello escolar e o claustro, si o consideran oportuno, emitirán propostas para facer as modificacións pertinentes.